

SUBSIDIO LITÚRXICO

DOMINGO VII DE PASCUA

SOLEMNIDADE DA ASCENSIÓN DO SEÑOR

XORNADA MUNDIAL E COLECTA DAS COMUNICACIÓNS SOCIAIS

Lecturas

- Feit 1, 1-11. Vírono levantarse.
- Sal 46. Deus ascende entre aclamacións; o Señor, ao son de trompetas.
- Ef 1, 17-23. Sentouno á súa dereita no ceo.
- Lc 24, 46-53. Mentres os bendicía, ía subindo ao ceo.

Monición de entrada

O xoves pasado cumpríronse corenta días desde o domingo de Pascua. Durante ese tempo Xesús resucitado atopouse cos seus, mostrándolles a verdade da Resurrección, e enchéndoos de alegría ao contemplar as súas mans traspasadas, pegada dun amor apaixonado que, pasando pola morte, venceuna. Aos corenta días o Señor Xesús subiu ao ceo, e é o que celebramos este domingo, reunidos en familia, congregados como Igrexa, na espera do Espírito Santo. Ademais, desde fai cincuenta anos nesta solemnidade da Ascensión celebramos a Xornada Mundial das Comunicacóns Sociais, un día para fixarnos neste tema tan importante, o de ser unha Igrexa que comunique a boa noticia de Xesucristo. O papa Francisco invítanos a ver xuntas a comunicación e a misericordia, sabendo que o seu encontro é fecundo. Abrámonos á acción do Señor, que nesta Eucaristía chámanos á máis alta comunicación: a comunión con El, o noso único Salvador.

Suxestións para a homilía

Cada vez utilizamos máis aparellos para a nosa vida cotiá. E, aínda que nolos presentan coma se fosen cada vez máis doados de utilizar, case sempre necesitamos unhas boas instrucións (sobre todo cando temos a partir dunha certa idade). Cando miramos ao noso redor, como crentes, e vemos o que fai a Igrexa, ou o que se di na televisión, na radio, na prensa, en Internet... do que fai a Igrexa, podemos pensar que necesitamos un “manual de instrucións”. A Igrexa está facendo o que ten que facer? Ou está equivocándose? Os católicos debemos aferrarnos a algunhas cuestións que non poden cambiarse ou, pola contra, temos que poñernos ao día e cambiar todo segundo as circunstancias da vida?

Lucas contounos na primeira lectura que Xesús “deu instrucións aos apóstolos que escollera”. E estas instrucións non necesitan un gros volume para lerse e difundirse. Son moi sinxelas, e o Señor resumiunas cunha expresión: “ser as miñas testemuñas”. Esta é a tarefa da Igrexa. Esta é a tarefa de cada un de nós, bautizados, seguidores de Cristo. Ser as súas testemuñas significa facer o mesmo que Cristo fixo. Algo que, por certo, tamén nolo resumiu El, cando dixo na súa Ascensión: predicar “a conversión e o perdón dos pecados a todos os pobos”.

A todos os pobos. A todo o mundo. Esa é a nosa misión: conseguir que cada persoa poida atoparse co Señor Xesús, facilitar este acontecemento que pode cambiar radicalmente a vida. Somos testemuñas de alguén vivo, moi vivo, que é a Vida dos homes. E a mellor resposta, en liberdade, ao encontro con El, é a conversión. Sabendo que, pola súa banda, espéranos a misericordia, o perdón dos pecados.

Cantas situacións de tristeza e angustia ao noso ao redor. Cantas inxustizas. Canta escuridade nun mundo que tantas veces non mellora, senón que vai a peor. E ao celebrar a Ascensión do Señor pode parecernos que Cristo se desentende de nós. E non, nada diso. A súa presenza queda garantida polo seu “representante”, o Paráclito que prometera, o Espírito Santo. É un agasallo! E a súa presenza queda garantida tamén pola Igrexa, o seu sacramento de salvación, tamén o seu “representante”, aínda que teña os seus defectos “os nosos pecados”. É unha responsabilidade! E nesta dobre dimensión de agasallo e responsabilidade, de don e tarefa, vivimos nós a nosa fe.

Neste Xubileo Extraordinario da Misericordia, o papa Francisco chámamos a recordar que “a Igrexa, unida a Cristo, encarnación viva de Deus Misericordioso, está chamada a vivir a misericordia como trazo distintivo de todo o seu ser e actuar”, tal como o sinala na súa mensaxe para esta Xornada Mundial das Comunicacións Sociais. Pero non pensemos só nas persoas que se dedican á comunicación na Igrexa. Non botemos balóns fóra pensando que isto é cousa dos bispos, sacerdotes, diáconos, catequistas, profesores de Relixión, quen levan os nosos programas diocesanos de radio, as revistas, as redes sociais... Cada un de nós somos comunicadores, porque a nosa fe implica “ser as súas testemuñas”, as testemuñas do Señor Xesús. Como nos di tamén o papa Francisco, “se o noso corazón e os nosos xestos están animados pola caridade, polo amor divino, a nosa comunicación será portadora da forza de Deus”.

Comuniquemos a misericordia de Deus. Pero para comunicala, hai que vivila. Non só reflexionala, pensala, darlle voltas... non. Vivila! E ollo: non hai mellor momento para iso que o que estamos vivindo agora mesmo: a eucaristía, a Misa. É Cristo quen nos falou na primeira parte da nosa celebración do domingo. É Cristo quen se nos dará, enteiro, en persoa, sobre o altar, dentro duns minutos. Un Deus que nos quere tanto, un Deus que é pura misericordia... e de quen podemos aprender esa misericordia. Deixémonos encher hoxe e aquí do seu amor. Renovemos o noso compromiso de ser as súas testemuñas, e invoquemos ao Espírito Santo, que nos dará as forzas que necesitamos: Ven, Espírito Santo, e enche os nosos corazóns, acende a nosa vida, aumenta a nosa fe, a nosa esperanza e a nosa caridade.

Oración dos fieis

O Señor Xesús, resucitado e glorioso, ascendeu ao ceo entre aclamacións, ao son de trompetas. Temos, xa que logo, un bo mediador á dereita do Pai, intercedendo por nós. Non se esqueceu da súa Igrexa, e por iso podemos presentarlle con confianza as nosas súplicas e as nosas necesidades nesta solemnidade da Ascensión.

- Pola Igrexa e por todos os que, cada un coa nosa vocación particular, recibimos o encargo de ser testemuñas de Cristo, para que nos deixemos guiar por El e, fieis a esta misión, acheguémonos con misericordia e con tenrura a todos. Roguemos ao Señor.
- Por todos os que teñen autoridade, e polo mundo da política e da diplomacia, para que a súa linguaxe se inspire na misericordia, que nunca dá nada por perdido. Roguemos ao Señor.
- Por todos os que no mundo sofren a pobreza, a inxustiza, a marxinação, a persecución ou calquera tipo de violencia; polos enfermos, os deprimidos e os encarcerados... para que atopen en Xesús e na súa Igrexa a verdade que nos fai libres. Roguemos ao Señor.
- Por todas as situacións de ruptura e de enfrontamento, para que o exercicio da misericordia poida sanar as relacións danadas e volva levar paz e harmonía ás familias e ás comunidades. Roguemos ao Señor.
- Polos profesionais dos medios de comunicación, para que redescubran a grandeza do seu traballo, sexan responsables e fieis aos principios morais, e poidan facelo con liberdade e seguridade. Roguemos ao Señor.
- Polos medios de comunicación da nosa Igrexa, para que sirvan para comunicar con todos, sen excluír a ninguén, achegándose a todas as situacións con misericordia. Roguemos ao Señor.
- Por todos nós, especialmente polos máis pequenos das nosas comunidades e familias, para que, como consumidores e tamén creadores dos medios de comunicación, sexamos críticos e honrados, creativos e crentes. Roguemos ao Señor.

Señor Xesús, escoita a nosa oración, Ti que, resucitado, subiches ao ceo e estás connosco todos os días ata o final dos tempos, e vives e reinas polos séculos dos séculos. Amén.

Monición final

Nós escoitamos hoxe, como o fixeron aqueles apóstolos de Xesús, as palabras dos anxos: “Que facedes aí plantados mirando ao ceo? O mesmo Xesús que vos deixou para subir ao ceo, volverá como o vistes marchar”. Saímos da eucaristía, que é o máis próximo que temos ao ceo, e volvemos á nosa realidade, chamados a ser testemuñas do Señor Xesús. Que con toda a nosa vida comuniquemos o que nos dá sentido verdadeiramente. Invoquemos todos os días ao Espírito Santo, ata que nos volvamos a reunir, dentro dunha semana, para celebrar a súa gran festa, Pentecostés.